Primaria

# APRENDER É CRECER XUNTOS 1

Programación

## Unidade 4

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliables
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

**Título**
O frautista de Hamelín

**Descrición da unidade**
Seguimos traballando os contidos do outono a través da celebración do magosto; tamén se incorpora como fío condutor, o contorno urbano do alumno e os seus elementos característicos, especialmente os tipos de edificacións e a súa función (hospitais, museos, colexios, etc.), o mobiliario urbano e as normas de educación viaria.

Da man deste fío temático, os alumnos seguirán estudando as letras do abecedario, nesta unidade, *n*, *c* e *qu*, aspectos básicos sobre a saúde e a alimentación e elementos urbanos. As actividades propostas son variadas e graduadas para que o profesorado poida valorar, en cada momento, o grao de desenvolvemnto que ten cada alumno.

**Temporalización:**

Novembro: ☐☐■■

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

**LINGUA**

- Escoitar e ler un conto coa axuda de pictogramas.
- Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras, frases e textos breves formadas coas letras estudadas.
- Escribir con corrección as consoantes *n, c, qu*, que se estudan nesta unidade.
- Completar frases e palabras coas letras estudadas.
- Ler con eficacia pequenas frases e textos e responder axeitadamente ás preguntas de comprensión lectora.
- Ler e dialogar sobre o magosto e coñecer unha canción popular relacionada cun froito do outono: a castaña.
- Utilizar a expresión oral de forma correcta e coherente nas actividades, exposicións e debates da aula.

**CIENCIAS DA NATUREZA**

- Valorar a importancia de coidar a saúde.
- Coñecer os principais hábitos saudables.

**CIENCIAS SOCIAIS**

- Identificar distintos elementos da rúa.
- Coñecer algunhas normas básicas de educación viaria.

## 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

——————————————— LINGUA ———————————————

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • Lectura.<br>- Conto tradicional: *O frautista de Hamelín.*<br>- Comprensión da lectura.<br>• As letras*: n, c, qu*.<br>• Obradoiro de escritura.<br>• Tarefa.<br>- O magosto. | 1. Escoitar e comprender un conto oral. | 1.1. Escoita e comprende un conto tradicional.<br>1.2. Le o conto coa axuda dos pictogramas.<br>1.3. Recoñece os personaxes principais do conto e os elementos significativos |
| | 2. Recoñecer auditivamente as consoantes *n, c, qu.* | 2.1. Recoñece a consoante e a súa localización na palabra.<br>2.2. Pronuncia con corrección a consoante estudada. |
| | 3. Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras e pequenos textos formadas coas vogais e as consoantes estudadas. | 3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas coas consoantes estudadas.<br>3.2. Diferencia, tanto de forma oral como escrita, a sílaba rectas e inversas (*na, an*). |
| | 4. Escribir con corrección palabras e frases formadas coas vogais e as consoantes estudadas. | 4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas coas vogais en maiúscula e en minúscula.<br>4.2. Recoñece e asimila o uso de *c* e *qu*. |
| | 5. Comprender e ordenar información. | 5.1. Comprende un texto e ordena a información que extrae del. |
| | 6. Escribir con caligrafía correcta. | 6.1. Escribe con boa caligrafía vogais e as consoantes estudadas nesta unidade. |
| | 7. Informarse e aprender sobre a celebración do magosto en Galicia. | 7.1. Le o texto sobre o magosto, axudado polos pictogramas, e compréndeo.<br>7.2. Aprende a canción *Arao, arao*. |

## CIENCIAS DA NATUREZA

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • A saúde e a enfermidade. Prácticas saudables.<br>• A hixiene persoal, o descanso, o ocio e o coidado do corpo.<br>• Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro. | 1. Coñecer a importancia de ter hábitos saudables como fonte de saúde e benestar. | 1.1. Identifica o que debe facer para estar san. |
| | 2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada, hixiene persoal, exercicio físico regulado sen excesos ou descanso diario. | 2.1. Valora a hixiene persoal, o descanso, o uso adecuado do tempo libre e a atención ao propio corpo, desenvolvendo hábitos para o seu coidado. |
| | 3. Adquirir hábitos de hixiene e coidado persoal. | 3.1. Manifesta condutas de hixiene e coidado persoais. |
| | 4. Adquirir hábitos de prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro. | 4.1. Desenvolve hábitos de prevención de enfermidades e accidentes. |

## CIENCIAS SOCIAIS

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables |
|---|---|---|
| • Pertenza aos grupos sociais máis próximos. A rúa: características e mobiliario urbano; convivencia na rúa.<br>• Educación viaria.<br>• Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante. | 1. Identificar os elementos dunha rúa. | 1.1. Distingue elementos dunha rúa e nomea obxectos do mobiliario urbano. |
| | 2. Recoñecer a importancia de coidar os bens comúns. | 2.1. Coñece a importancia de manter a limpeza da rúa e o coidado dos seus elementos. |
| | 3. Respectar o cumprimento das normas básicas como peóns. | 3.1. Coñece a importancia de respectar as normas básicas de educación viaria. |
| | 4. Observar e discriminar diferentes elementos viais que ha de recoñecer un peón valorando a importancia da mobilidade na vida cotiá. | 4.1. Discrimina os principais elementos viais que ha de recoñecer un peón. |

| | | |
|---|---|---|
| | 5. Mostrar capacidade de relación co ámbito e sensibilidade ante as necesidades dos outros. | 5.1. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e ámbitos (escola, familia, rúa, etc.). |

## 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación proponse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiables (RF)

### LINGUA

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Escoita e comprende un conto tradicional. | • Audición do conto clásico, *O frautista de Hamelín*, vinculado á páxina inicial.<br>• Actividades do LD sobre o conto que inicia a unidade e animación sobre as imaxes. |
| 1.2. Le o conto coa axuda dos pictogramas. | • Lectura do texto que se inclúe na lámina inicial. |
| 1.3. Recoñece os personaxes principais do conto e os elementos significativos. | • Actividade da epígrafe "Comprendo a lectura" para identificar os personaxes principais do conto e os elementos e actitudes máis relevantes.<br>• Actividade de "Intelixencia interpersoal" do LA para analizar e avaliar en gran grupo as actitudes dos personaxes do conto. |
| 2.1. Recoñece a consoante e a súa localización na palabra. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades de lectoescritura, adiviñas, e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 2.2. Pronuncia con corrección a consoante estudada. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades de lectoescritura, trabalinguas (*Cando contas contos*...), adiviñas e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD. |
| 3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras e frases formadas coas consoantes estudadas. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades de lectoescritura, xogos (*Decotín, decotán...)*, trabalinguas, adiviñas e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD. |

| | |
|---|---|
| | • Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 3.2. Diferencia, tanto de forma oral como escrita, a sílaba rectas e inversas (*na, an*). | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de lectoescritura e ditados da PD. |
| 4.1. Escribe con corrección palabras e frases formadas coas vogais en maiúscula e en minúscula. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades da PD.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 4.2. Recoñece e asimila o uso de *c* e *qu*. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades do "Obradoiro de escritura" do LA<br>• Actividades da PD.<br>• Actividades do LD.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 5.1. Comprende un texto e ordena a información que extrae del. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades do "Obradoiro de escritura" do LA |
| 6.1. Escribe con boa caligrafía vogais e as consoantes estudadas nesta unidade. | • Actividades de lectoescritura do LA.<br>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). |
| 7.1. Le o texto sobre o magosto, axudado polos pictogramas, e compréndelo. | • Lectura do texto con pictogramas do LA.<br>• Actividades e xogos da PD.<br>• Ampliación de contidos sobre o magosto coa cantiga *A tía Marica*, nos recursos da PD<br>• Actividades sobre o magosto do LD. |
| 7.2. Aprende a canción *Arao, arao*. | • Audición da cantiga *Arao, arao* que está no CD audio ou no LD.<br>• Busca en internet da versión musicada da canción. |

## CIENCIAS DA NATUREZA

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Identifica o que debe facer para estar san. | • Selección de actividades do LA.<br>• Ficha de reforzo dos RF.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 2.1. Valora a hixiene persoal, o descanso, o uso adecuado do tempo libre e a atención ao propio corpo, desenvolvendo hábitos para o seu coidado. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD.<br>• Actividade de Aprendizaxe cooperativa proposta na PD. |

| | |
|---|---|
| 3.1. Manifesta condutas de hixiene e coidado persoais. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 4.1. Desenvolve hábitos de prevención de enfermidades e accidentes. | • Actividades propostas na PD. |

## CIENCIAS SOCIAIS

| Estándares de aprendizaxe avaliables | Selección de evidencias para o portfolio |
|---|---|
| 1.1. Distingue elementos dunha rúa e nomea obxectos do mobiliario urbano. | • Selección de actividades do LA.<br>• Fichas de reforzo e de ampliación dos RF.<br>• Actividades e xogo propostos na PD. |
| 2.1. Coñece a importancia de manter a limpeza da rúa e o coidado dos seus elementos. | • Selección de actividades do LA. |
| 3.1. Coñece a importancia de respectar as normas básicas de educación viaria. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 4.1. Discrimina os principais elementos viais que ha de recoñecer un peón. | • Selección de actividades do LA.<br>• Actividades propostas na PD. |
| 3.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e ámbitos (escola, familia, rúa, etc.). | • Actividades propostas na PD. |

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

| Competencia | Descritor | Desempeño |
|---|---|---|
| *Comunicación lingüística.* | Comprender o sentido dos textos escritos. | Entende frases e textos breves coas letras traballadas sen necesidade de axuda. |
| | *Plan lector*: Gozar coa lectura. | Comprende os textos de lectura da unidade: conto, poemas, cantigas... |
| *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* | Manexar a linguaxe matemática con precisión. | Emprega a numeración nas súas necesidades básicas. |
| *Competencia dixital.* | Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento. | Emprega os medios tecnolóxicos para buscar información sobre o magosto. |
| *Aprender a aprender.* | Desenvolver estratexias que lle axuden a comprender os contidos. | Formula interrogantes para mellorar a aprendizaxe dos contidos da unidade. |
| | *Intelixencias múltiples*: Intelixencia interpersoal. | Analiza e comenta as actitudes dos personaxes. |
| *Sentido da iniciativa e espírito emprendedor* | Ser constante no traballo superando as dificultades. | Mostra perseverancia nas tarefas de reforzo |
| | Participar nas dinámicas e xogos de grupo. | Aprende a canción *Arao, arao* e outros xogos tradicionais e practícaos cos compañeiros. |
| *Competencias sociais e cívicas.* | Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. | Coñece o valor de respectar os bens comúns, como o mobiliario urbano, e aplícao tamén ao contexto escolar. |
| | *Educación en valores*: A gratitude. | Aprecia a axuda dos demais en todos os ámbitos (familia, colexio, amigos...), e agradecelo con bos xestos, accións e palabras. |
| *Conciencia e expresións culturais.* | Aprender e recoñecer cancións para celebracións e xogos propios do patrimonio popular galego. | Descobre e xoga coas cancións de celebracións como a canción *Arao, arao*.<br>Aprende algún retrouso, adiviña, xogo ou encadeado que lle permita aumentar a súa bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega. |

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiables (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Gozamos coa lectura do conto “O frautista de Hamelín”

- Lemos o conto tradicional «O frautista de Hamelín”» e observamos os personaxes nos pictogramas da lámina inicial; tamén podemos activar a animación do LD.
- Seguimos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Realizamos as actividades, para ampliar os contidos, da PD.
- Realizamos as actividades interactivas do LD.

### Tarefa 2: Coñecemos a importancia de coidar a saúde e levar hábitos saudables.

- Observamos o mural que corresponda *O corpo e os sentidos* ou *A roda dos alimentos* coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias da PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD.

### Tarefa 3: Aprendemos as letras

- Coñecemos as consoantes n, c, qu coas diferentes actividades de discriminación visual, auditiva, expresión oral e escrita do LA.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.
- Continuamos a tarefa de aprendizaxe cooperativa para realizar unha caixa-vocabulario.

### Tarefa 4: Coñecemos os elementos da rúa e algunhas normas de educación viaria.

- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias e xogos da PD.
- Completamos coa ficha de reforzo e a de ampliación dos RF de Ciencias.

### Tarefa 5: O magosto.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD para estes contidos.
- Realizamos as tarefas do LA.
- Ampliamos os contidos cos recursos da PD: xogos e actividades sobre o poema de Antón García Teijeiro.
- Realizamos as actividade do LD.

### Tarefa 6: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso do LA.
- Realizamos as actividades complementarias e lemos os poemas de Xoán Babarro e Antón García Teijeiro do apartado Recursos da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Utilización da lámina inicial da unidade para a detección de ideas previas e presentación de contidos.
- Audición das lecturas correspondentes do CD e emprego do libro dixital para realizar as actividades como elementos motivadores.
- Seguemento individualizado da lectura de varios nenos.
- Utilización de diferentes agrupamentos que favorezan o traballo cooperativo e o intercambio de opinións entre os iguais.
- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e empregar as estruturas de aprendizaxe cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Dramatización de situacións cotiás relacionadas coa familia (arrolar un bebé) ou co reparto das tarefas na casa.
- Desenvolvemento de habilidades de expresión oral e escrita mediante a aprendizaxe de xogos, dramatizacións, cancións e poesías da unidade.
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.

## 8. RECURSOS

- Cadernos complementarios. Este proxecto ofrece cadernos complementarios de **Aprendo a ler**, **Aprendo a escribir**
- Recursos fotocopiables da Proposta Didáctica. Para esta unidade podemos atopar recursos fotocopiables de Reforzo, Ampliación e Comprensión lectora nos Recursos fotocopiables.

. Murais da unidade: *O deporte e a saúde*, e, *O Nadal.*

**Recursos dixitais**

- Libro dixital. Os alumnos e alumnas poderán reforzar os contidos estudados a través do libro dixital. Nel ofrécese a versión en audio do poema ademais de actividades interactivas.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiables.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese:
  - *http://anayadigital.es*
  - *http://www.orellapendella.org* Esta páxina web recolle infinidade de cantares, enleados, ditos e retrousos populares. Moi ben organizada e con constantes actualizacións.
  - *www.elhuevodechocolate.com* , *http://www.lacajadezapatos.es*: Nestas web, en castelán, teñen moitos recursos que podemos adaptar.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de Avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos Recursos fotocopiables).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades observo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?

- Como vou minimizar as dificultades?

- Que necesidades individuais observo no desenvolvemento da unidade?

- Que recursos e estrateias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?

- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o vindeiro curso? Por que?